

## Declaración de Bruxelas

### para unha cooperación terminolóxica internacional

*Os representantes das asociacións nacionais e internacionais, das redes e dos centros de documentación en terminoloxía,*

*considerando* que a terminoloxía está presente en todas as actividades humanas,

*conscientes* de que a terminoloxía non é só un medio privilexiado de transmisión da información na comunicación especializada, senón que desempeña tamén un papel primordial na afirmación e promoción da diversidade cultural e lingüística,

*recoñecendo* a necesidade de concienciar tanto os profesionais coma os responsables con poder de decisión sobre o valor esencial da terminoloxía como instrumento de comunicación e de transferencia de coñecementos,

*acentuando* a necesidade dos profesionais da terminoloxía de integrar na súa metodoloxía de traballo preocupacións, necesidades e expectativas dos usuarios,

*recoñecendo* a necesidade de cooperación entre todos os actores e participantes no traballo terminolóxico a escala mundial e, en particular, a necesidade de compartir de xeito coordinado os recursos terminolóxicos,

*preocupados* por contribuír ao fortalecemento de infraestruturas de elaboración e de difusión da terminoloxía,

*convocan os Estados e gobernos, os organismos intergubernamentais e demais organizacións internacionais, así coma todas as entidades implicadas en accións de política lingüística a:*

- *apoiar* a creación de infraestruturas de terminoloxía nos grandes conglomerados económicos, tales coma a Unión Europea e a futura ALCA<sup>1</sup> e apoiar as demais infraestruturas terminolóxicas existentes;
- *alentar* o establecemento de políticas terminolóxicas no marco de programas de formación, información, etc.;
- *favorecer* o establecemento de métodos de cooperación que teñan en conta formas xa establecidas de cooperación e iniciativas e proxectos existentes;
- *favorecer* iniciativas de sensibilización de industrias e administracións para a participación no traballo terminolóxico,
- *promover* a creación de programas de financiamento especial para o traballo terminolóxico, en particular para o desenvolvemento e a actualización de terminoloxías;
- *alentar* os organismos nacionais de normalización a participar activamente en instancias reguladoras (tales como o CT 37 da ISO "Terminoloxía e outros recursos lingüísticos"), en instancias que traballan na harmonización da terminoloxía a escala mundial e en instancias que regulan Internet, de xeito que todas as particularidades culturais e lingüísticas poidan estar presentes;
- *promover* as iniciativas para un uso axeitado da terminoloxía, en particular todos os niveis do ensino e especialización, universitaria e non universitaria;
- *facer obrigatoria* a disciplina de terminoloxía e linguas de especialidade en todas as carreiras de tradución e favorecer a súa introdución en todas as disciplinas, sobre todo as de carácter científico e técnico;

---

<sup>1</sup> Área de Libre Comercio das Américas.

- *favorecer* o diálogo entre países dunha mesma lingua con normas lingüísticas diferentes, coa fin de harmonizar a creación neolóxica e a normalización terminolóxica, considerando as diferentes variedades dunha mesma lingua e aplicando os principios da localización sen esquecer a necesidade da intercomprensión;
- *favorecer* o plurilingüismo tanto no ensino coma na administración e no sector público;
- *promover* a difusión e a accesibilidade gratuíta das terminoloxías, sobre todo das incluídas en documentos oficiais dos gobernos e das institucións internacionais;
- *estudar* o uso real e o papel da terminoloxía nos distintos tipos de medidas políticas e estratéxicas de gobernos e institucións;
- e dado o incremento de países emerxentes que empezan a organizar políticas lingüísticas, *garantir* a formación dos especialistas no que respecta aos principios e métodos da terminoloxía no contexto do desenvolvemento duradoiro e apoiar no posible a participación activa destes especialistas nas actividades terminolóxicas internacionais.

Bruxelas, 23 de novembro de 2001